

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014568	IES Nº 1	Ribeira	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

O estudo do latín a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeña, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, esta materia persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica. Perséguese nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

O estudo da materia organízase en bloques .

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances, comezando coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

Estudárase o léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

O seguinte bloque aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Neste bloque trátanse aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese que o alumnado comprenda o concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos. O fin último do estudo da gramática é desenvolver a capacidade de chegar a traducir textos dunha complexidade adaptada ao nivel de progreso do curso.

Dedícase un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé

na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. Procurarase utilizar outras fontes e actividades complementarias tanto dentro da aula (novelas históricas, proxección de películas, material audiovisual que ilustre diversos aspectos da civilización romana, arquitectura, escultura, etc.), como fóra da aula (conferencias, asistencia a representacións teatrais, realización de excursións coa finalidade de visitar museos, restos arqueolóxicos, monumentos, etc.). Non parece recomendable o emprego do dicionario latino neste primeiro nivel.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Orixe da lingua latina e a súa evolución ás linguas romances.	Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto. Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino. Latinismos. Prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico común. Sistemas de escritura ao longo da historia.	10	22	X	X	X
2	A antiga Roma	Marco geográfico e histórico. Orígenes de Roma. La monarquía. La República. El Imperio. La Hispania Romana. La religión. Obras públicas y urbanismo. A educación na antiga Roma. A arte romana	20	33	X	X	X
3	Lingua latina I	O alfabeto latino e a súa pronunciación. Normas de acentuación. Clases de palabras. Estructura das palabras variables. Categorias do sistema nominal. Os casos e as súas funcións. Substantivos: as cinco declinacións. Adxectivos en -us, -a, -um/-er, -a, -um. Sistema verbal: enunciados, conxugacións, temas verbais. Tempos do tema de presente na voz activa dos verbos regulares e do verbo SUM. Uso das preposicións. Os complementos circunstanciais de lugar.	10	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Lingua latina I	Tipos de oracións. A coordinación. Exercicios de declinación, concordancia de substantivo e adxectivo, conxugación verbal.	10	20	X		
4	Lingua latina II	Os adxectivos en grao positivo, comparativo e superlativo. Tempos do tema de perfecto na voz activa dos verbos regulares e do verbo SUM. Tempos do tema de presente en voz pasiva dos verbos regulares. A oración pasiva. Exercicios de declinación, concordancia de substantivo e adxectivo, conxugación verbal.	10	20		X	
5	Lingua latina III	Tempos do sistema de perfecto en voz pasiva dos verbos regulares. O sistema pronominal. As oracións subordinadas adxectivas. As formas nominais dos verbos.	10	20			X
6	Traducción	Análise morfolóxica e sintáctica e tradución de textos de dificultade axustada aos contidos estudados ao longo do curso.	40	25	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Orixe da lingua latina e a súa evolución ás linguas romances.	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando é posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	PE	95
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduce o significado etimolóxico dun termo de uso común e infire o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado recoñecendo os formantes latinos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explica cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando é posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.		
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explica a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.		
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crea textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se parte da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.		
CA2.4 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).</li> <li>- Sistemas de escritura ao longo da historia.</li> <li>- Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita.</li> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos.</li> <li>- Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino.</li> <li>- Léxico:                         <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.</li> <li>- Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.</li> <li>- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> </ul> </li> </ul>



**Contidos**

- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
2	A antiga Roma	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	90
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explica, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identifica e explica o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.		
CA4.6 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explora as pegadas da romanización e o legado romano na súa contorna, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá. (0/300 caracteres)		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Debate sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias.	TI	10
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debate sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano.</li> <li>- Xeografía do proceso de expansión de Roma na Península Ibérica. A Hispania tardorromana; suevos e visigodos.</li> <li>- Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade.</li> <li>- Historia da antiga Roma:</li> <li>- Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio).</li> <li>- Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C.</li> <li>- Lendas e principais episodios da historia de Roma.</li> </ul>

### Contidos

- Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa.
- Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual.
- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller.
- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana.
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.
- Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas.
- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. A súa pegada na Galicia moderna.
- As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Roma: etapas educativas.
- Principais obras artísticas da Antigüidade romana.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

UD	Título da UD	Duración
3	Lingua latina I	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua latina.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Lingua latina II	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Lingua latina III	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín. (0/300 caracteres)	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Traducción	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	85
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Selecciona o significado apropiado de palabras polisémicas e xustifica a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realiza a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extrae, analiza e reflicte as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redacta en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	TI	15
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planifica e participa en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> </ul>

## Contidos

- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se aplicará para o tratamento de cada unha das unidades das que consta a programación consistirá en:

¿ Exposición dos contidos que se van estudar na unidade e formulación de cuestións que permitan á profesora coñecer o nivel de coñecementos do que se parte e as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual. Debe suscitarse o interese do alumno/a polo que respecta á realidade que se ten que aprender. En cada un dos bloques que conforman cada unidade (legado, lingua latina e léxico):

¿ Realización de preguntas coa finalidade de descubrir as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual.

¿ Exposición, explicación e análise dos contidos do bloque, subliñando os conceptos fundamentais, baseando a exposición nos coñecementos previos correctos do alumnado e revisando e corrixindo os erróneos, con referencias a contidos relacionados doutras materias ou, no seu caso, de unidades xa estudadas.

¿ Realización das actividades correspondentes a cada un dos bloques que procedan, a criterio da profesora. Elaboración de esquemas, resumos e/ou mapas conceptuais.

¿ Revisión de actividades e traballos do alumnado por parte do profesor e corrección dos erros.

¿ Realización de actividades de consolidación, recuperación, ampliación e avaliación complementarias das realizadas. Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos/as, así como aplicar as aprendizaxes. Prográmanse tamén para o alumnado que non acadou os coñecementos traballados. Permiten así mesmo afondar nos contidos a aqueles alumnos/as que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

No proceso de ensino-aprendizaxe deberán estar presentes continuamente os seguintes principios básicos:

¿ Selección de textos accesibles ao nivel do alumnado. A práctica da tradución será graduada, é dicir, acorde aos coñecementos do alumno/a, suxestiva polo seu contido e relación co tema tratado na unidade, continuada e controlada baixo a dirección e a orientación da profesora.

¿ A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais que nel aparecen e a captación e o comentario da mensaxe que transmite.

¿ Dada a dificultade de presentar textos orixinais para reflectir todos os conceptos culturais da unidade, recorrerase tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos, cando a profesora o xulgue oportuno.

¿ O comentario de texto irá, cando se considere apropiado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, documentais, etc.

¿ A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romanas e coñecer a súa permanencia no mundo occidental.

¿ A metodoloxía será en todo momento activa e impulsora da participación do alumnado, que estimule a súa imaxinación e ordene as súas ideas, de xeito que a aprendizaxe sexa significativa e funcional.

¿ Impulsarase a autonomía persoal do alumnado, animándoo á toma de decisións, á expresión das súas opinións persoais, á confrontación de puntos de vista distintos, á realización de autoavaliación e á posta en práctica de actuacións en función dos resultados da mesma.

¿ Promoverase a colaboración entre o alumnado e o traballo en grupo, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de clase, onde o alumno/a recollerá as explicacións da profesora e realizará os exercicios encomendados.
Caderniño de exercicios e temas de cultura elaborado polo departamento de Latín, que os alumnos/as deberán mercar na conserxería do centro ou fotocopiar pola súa conta.
Material incorporado á aula virtual.
Material fotocopiado proporcionado pola profesora.
Unha comedia latina traducida destinada á lectura na clase.
Diverso tipo de material audiovisual (documentais ou películas) e informático.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No primeiro curso de Bacharelato adoitan coincidir no mesmo grupo alumnos/as que xa cursaron en 4º ESO as materias de Cultura Clásica e Latín con alumnos/as que nunca estudaron latín. Algún alumnos, polo tanto, xa traballaron aspectos importantes do sistema da lingua, da historia e evolución da lingua latina e da formación de palabras. Cando se dea este caso, o enfoque da materia deberá permitir ao alumnado que non a estudou incorporarse sen dificultades ao estudo da nova lingua.

Dende o primeiro día de clase, o profesor/a deberá obter do seu alumnado a información a este respecto. En todo caso necesitará tamén a principios de curso e antes de introducirse no estudo de cada tema, contar con información sobre coñecementos previos do alumnado en relación a conceptos gramaticais básicos das linguas propias que permitirán entender as explicacións axeitadamente. Así, o profesor/a, en función desta información, adaptará as súas explicacións no obxectivo de que sexa accesible a todo o alumnado.

O medio de recadar esta información poderá consistir en probas escritas, mediante a observación das dificultades que cada alumno presenta á hora de realizar actividades encomendadas ou mediante a interrogación directa ao alumnado na clase.

En función dos resultados, o profesor/a deberá adaptar a metodoloxía, o ritmo e o punto de partida das explicacións. Tamén adaptará individualmente ou colectivamente os exercicios e actividades á variedade de alumnado da clase.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:



Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	95	90	100	100	100	85	<b>92</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	5	10	0	0	0	15	<b>8</b>

### Crterios de cualificación:

Realizarase como mínimo cada trimestre un exame que inclúa os contidos correspondentes ás unidades 1 e 2 e outro que inclúa os contidos correspondentes ás unidades 2, 4, 5 e 6. Por acordo entre o profesor/a e os alumnos/as poderanse realizar ata dúas probas correspondentes a cada parte.

A cualificación das avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª) será o resultado da aplicación dos seguintes parámetros de ponderación.

30,00%

O alumno/a deberá ser capaz de resolver cuestións das unidades didácticas 1 e 2.

En caso de realizarse máis dun exame realizarase a media dos dous. O resultado deberá ser como mínimo superior a 3/10 para computar. En caso de suspenso poderá realizarse un exame de recuperación que terá lugar antes ou despois da sesión de avaliación.

70,00%

Lingua: Morfoloxía, sintaxe, tradución. O alumno/a deberá ser capaz de resolver cuestións das unidades didácticas 3, 4, 5 e 6. En caso de realizarse máis dun exame realizarase a media dos dous. O resultado deberá ser como mínimo superior a 3/10 para computar. Tratándose de contidos progresivos, en caso de suspenso recuperarase cun aprobado no exame seguinte.

A cualificación obtida poderá redondearse, de ser o caso, por dúas vías:

-con carácter xeral, redondearase de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos.

-cando o profesor/a considere que o comportamento do alumno/a na clase o mereza, o redondeo poderá realizarse sumando ata 0,9 puntos á media obtida nos exames. Para sumarlle esta gratificación á cualificación obtida nas probas escritas, o profesor/-a valorará a asistencia regular e puntual do alumno/a provisto do material necesario para levar un correcto seguimento do traballo da clase, o cumprimento das tarefas encomendadas na clase e na casa, a participación, a conduta respectuosa co profesor/a e cos compañeiros/as, a corrección e posta ao día do traballo recollido no caderno de clase.

-A cualificación final será o resultado da seguinte media ponderada:

25% cualificación da primeira avaliación

35 % cualificación da segunda avaliación

40% cualificación da terceira avaliación

A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos.

-Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

### Crterios de recuperación:

-Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, deberán realizar unha proba extraordinaria, segundo o calendario e horario fixado polo Centro.

A estrutura dos exames será a seguinte:

-Preguntas de morfoloxía verbal (1,75 puntos): recoñecer a partir do enunciado de verbos a súa conxugación, tema de presente, tema de perfecto e de supino; traducir ao castelán ou ao galego formas verbais latinas de verbos regulares ou do verbo SUM e viceversa; conxugar verbos nos tempos indicados...

-Preguntas de morfoloxía nominal (1,75 puntos): declinar substantivos e adxectivos en grao positivo, comparativo ou superlativo; formar o comparativo e o superlativo de adxectivos; concordar adxectivos con substantivos...

-Análise e tradución (3,5 puntos). Proporanse unhas frases ou un texto breve en latín que deberá se analizado e traducido ao castelán ou galego. A tradución debe reflectir que se comprenderon as estruturas gramaticais do texto e

ten que ser coherente coa análise.

-Preguntas relativas ao mundo clásico, historia da Roma Antiga, institucións políticas, sociedade, romanización da Península Ibérica, relixión, obras públicas e urbanismo, arte.... (2 puntos)

-Preguntas de contido léxico (1 punto): derivación, regras de evolución fonética, latinismos....

A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

-Aquel alumnado que, por motivo de reiterado absentismo, non reúna condicións para ser obxecto de avaliación continua, será avaliado mediante unha proba similar á da convocatoria extraordinaria, que inclúa cuestións relativas a tódolos bloques traballados na clase e coa mesma ponderación que a recollida arriba.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No horario do departamento de Latín non está contemplada ningunha hora para a atención do alumnado coa materia de Latín I pendente.

O alumnado será convocado a unha reunión o 17 de outubro de 2023 no salón de actos para ser informado do procedemento de recuperación e avaliación da materia pendente.

A profesora informará de que estará a disposición do alumnado os martes no recreo na biblioteca para aclarar calquera dúbida que se lles presente ou corrixir exercicios voluntarios que realicen. Teñen á súa disposición un caderno de exercicios para practicar a parte de gramática latina e tradución e na aula virtual dispoñen da explicación de todos os contidos da programación.

A profesora ofrecerá a posibilidade de realizar un exame global da materia na segunda quincena de outubro o comezo do mes de novembro para aquel alumnado que o desexe. Aquel alumnado que acade unha cualificación mínima de 5 quedará aprobado.

Aquel alumnado que non aprobe ou non se presente ao exame mencionado no apartado anterior terá dúas oportunidades para superar a materia: o luns 5 de febreiro de 2024 ás 18:40 horas e o luns 22 de abril de 2024 ás 18:40 horas.

A estrutura dos exames será a seguinte:

-Preguntas de morfoloxía verbal (1,75 puntos): recoñecer a partir do enunciado de verbos a súa conxugación, tema de presente, tema de perfecto e de supino; traducir ao castelán ou ao galego formas verbais latinas de verbos regulares ou do verbo SUM e viceversa; conxugar verbos nos tempos indicados...

-Preguntas de morfoloxía nominal (1,75 puntos): declinar substantivos e adxectivos en grao positivo, comparativo ou superlativo; formar o comparativo e o superlativo de adxectivos; concordar adxectivos con substantivos...

-Análise e tradución (3,5 puntos). Proporanse unhas frases ou un texto breve en latín que deberá se analizado e traducido ao castelán ou galego. A tradución debe reflectir que se comprenderon as estruturas gramaticais do texto e ten que ser coherente coa análise.

-Preguntas relativas ao mundo clásico, historia da Roma Antiga, institucións políticas, sociedade, romanización da Península Ibérica, relixión, obras públicas e urbanismo, arte.... (2 puntos)

-Preguntas de contido léxico (1 punto): derivación, regras de evolución fonética, latinismos....

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se da o caso en 1º de bacharelato.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno/a a axuda pedagóxica que precisa en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. De aí a necesidade de atender á esta diversidade. No Bacharelato, a organización do ensino permite que os propios alumnos/as dean resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente que tamén dende as mesmas materias se dea resposta á diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifesta o alumnado.

Os procedementos para dar atención a esta diversidade serán:

¿ Formulación por parte da profesora de preguntas previas ao tratamento de cada unidade co fin de facilitar unha idea precisa dos coñecementos previos do alumnado.

¿ Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas e dificultades detectadas.

¿ Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas coa propia lingua do alumno/a e a súa permanencia nela.

¿ Nas actividades de consolidación, realizaranse os exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.

¿ Nas actividades de recuperación e ampliación, co fin de atender a aqueles alumnos/as que presenten problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios breves de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos. Para os temas culturais, pediránselles lecturas breves coa confección de esquemas alusivos, sempre coa axuda da profesora.

¿ Mentres se levan a cabo estas actividades de recuperación, aqueles alumnos/as que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar neles, como traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

¿ As distintas formas de agrupamento dos alumnos/as e a súa distribución na aula inflúen tamén no proceso. É de gran importancia ter en conta o traballo en grupo e a colaboración entre alumnado con diferentes graos de dominio dos contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital.		X				

#### Observacións:

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.

2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.

3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na 1.ª avaliación, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de vídeos e recursos audiovisuais propios.

4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas UD 8 e posteriores, nos que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma e a evolución da sociedade.

5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións da persoa discente.

6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.

7. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.

8. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visualización dalgunha película ou documentais de temas relacionados cos contidos de cultura e civilización. Realización de comentarios ou traballos sobre os mesmos.	Trala visualización da película ou documental realizaranse actividades de comentario dos aspectos históricos e culturais que aparecen reflectidos nos mesmos.			
¿ Asistencia a algunha representación teatral dunha obra clásica, por exemplo co gallo do Festival de Teatro Grecolatino.	A asistencia á representación será precedida pola lectura e comentario da obra na clase.			
Realización dalgunha viaxe coa fin de ver in situ restos arqueolóxicos de época romana.	A visita a algún museo arqueolóxico ou resto da civilización romana permitirá ao alumnado coñecer elementos do mundo romano que se conservan na actualidade.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto no programación.
Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración con Departamento de Orientación.
O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

### Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento:

táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

¿ Comprobarase regularmente que foi realizada correctamente a planificación, en canto a distribución dos contidos e temporalización, adecuación dos exercicios programados (cantidade, gradación na dificultade), grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado, grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado, instrumentos de avaliación empregados, información ao alumnado.

¿ A partir da aplicación na aula da programación didáctica, o profesor/a analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto da clase e a consecuencia desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas.

¿ Tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completárase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

A información obtida permitirá, se fose necesario, reconducir e mellorar a programación, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

saber onde poden consultala integramente.

O resultado desta avaliación plasmarase nas actas periódicas das reunións de departamento e na memoria final de curso. Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos

¿ Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.

¿ Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.

¿ Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.

¿ Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ¿)

## 9. Outros apartados